



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte n.º: 3114/2017

PROPOSTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 08/17

Vista a necesidade de executar neste exercicio 2017 os seguintes investimentos que se detallan de seguido:

- Reparación da cuberta do Polideportivo na rúa Venecia, destinada a eliminar os problemas de filtracións de auga na mesma. Orzamento previsto: 6.000,00 €
- Investimentos no Museo Valle-Inclán: limpeza e arranxo das filtracións na cuberta do auditorio e adquisición de diverso equipamento para o Museo (canón proxector e ordenador). Orzamento previsto: 12.000,00 €
- Adquisición dunha máquina cortacésped para a brigada de obras. Orzamento previsto: 3.000,00 €
- Rehabilitación de lavadoiros. Orzamento previsto: 9.000,00 €

Vista a necesidade de realizar os gastos correntes pertencentes ás áreas de gasto 3 e 4 que ascenden a un importe de 32.000 € segundo se detalla na Memoria da Alcaldía.

Visto que nas aplicacións orzamentarias de imputación non existe crédito orzamentario para o custe destes proxectos.

Visto que é posible o financiamento deste crédito extraordinario con baixas nas aplicacións do capítulo 1 debido á existencia de postos vacantes e ao menor gasto realizado ata o mes de setembro por baixas por incapacidade laboral temporal.

Visto o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

Proponse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 08/17, por un importe total de 62.000,00 €, para as finalidades detalladas nos antecedentes deste acordo:

APLICACIÓNS DE GASTOS: ALTAS

| PROGRAMA | ECONOMICA | DENOMINACION | IMPORTE |
|----------|-----------|---|------------|
| 342 | 63200 | Instalacións deportivas. Investimentos de reposición en edificios e outras construcións | 6.000,00 € |
| 333 | 62600 | Equipamentos culturais e museos. Equipos para o proceso de informacion | 2.000,00 € |

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

| | | | |
|------|-------|---|--------------------|
| 333 | 63200 | Equipamentos culturais e museos. Investimentos de reposición en edificios e outras construcións | 10.000,00 € |
| 9201 | 62300 | Mantemento Administración xeral. Investimentos en maquinaria | 3.000,00 € |
| 459 | 61900 | Outras infraestruturas. Investimentos de reposición en bens destinados ao uso xeral | 9.000,00 € |
| 334 | 20200 | Promoción da cultura. Arrendamento de edificios | 12.000,00 € |
| 334 | 22615 | Promoción da cultura. Rede cultural | 14.000,00 € |
| 334 | 22609 | Promoción da cultura. Actividades socioculturais | 4.000,00 € |
| 433 | 22699 | Desenvolvemento empresarial. Outros subministros | 2.000,00 € |
| | | TOTAL | 62.000,00 € |

APLICACIÓNS DE GASTOS: BAIXAS

| PROGRAMA | ECONOMICA | DENOMINACION | IMPORTE |
|----------|--------------|---|--------------------|
| 163 | 13100 | Limpeza viaria. Persoal laboral temporal | 2.913,15 € |
| 171 | 13100 | Parques e xardíns. Persoal laboral temporal | 3.151,67 € |
| 2311 | 13100 | Atención a persoas dependentes. Persoal laboral temporal | 1.757,21 € |
| 334 | 13100 | Promoción da cultura. Persoal laboral temporal | 1.171,46 € |
| 912 | 11000 | Organos de goberno. Persoal eventual | 3.904,05 € |
| 9201 | 13100 | Mantemento Administración xeral. Persoal laboral temporal | 18.453,76 € |
| 151 | 12100 | Urbanismo. Complemento de destino | 3.079,58 € |
| 151 | 12101 | Urbanismo. Complemento específico | 4.759,22 € |
| 920 | 12008 | Administración xeral. Soldos | 9.814,55 € |
| 920 | 12006 | Administración xeral. Antigüidade | 4.407,14 € |
| 920 | 12100 | Administración xeral. Complemento de destino | 7.209,16 € |
| 920 | 12101 | Administración xeral. Complemento específico | 1.379,05 € |
| | TOTAL | | 62.000,00 € |

SEGUNDO.- Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

O Alcalde

José Luis Piñeiro García

Concello de A Pobra do Caramiñal

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192